

Asisten: Tomi, Tono, Susi, Patxi, Carmen e Pepe

Orden do Día:

1º.-Reunión Concelleira

Acórdase que, dado que foi a Concellería de Cultura quen se puxo en contacto con nós para reunirse, serán eles os que en principio expliquen os motivos desta chamada.

En todo caso aproveitarase a ocasión para comentarlle os seguintes puntos:

a.- Relación Concello-Seip. Titularidade actual do edificio e estado das negociacións dun posible traspaso.

b.-Obras que se están a realizar e finalidades das mesmas. Posibles repercusións na calificación da contorna da Torre como Patrimonio da Humanidade.

c.- Posibles actividades que teñan en mente para realizar no edificio. Manifestarlle os contactos habidos con nós por parte de interesados, p.ex Marful

d.-Varios

Pídense voluntarios para esa xuntanza do día 15-05-12 e, en todo caso, mostran a súa disposición a acudir: Tono, Patxi, Carmen e Pepe. Se alguén quere sumarse que o avise para preparar un pouquiño a reunión

Tamén se comenta de falar con Dinorah para darlle publicidade ao seu enorme traballo na prensa local.

2º.-Colaboración co movemento 15-M

Accedese e unha vez nos concreten en que consiste a nosa colaboración, pedir voluntarios.

3º.-Dossier:

Patxi comenta que está pendente de reunirse o grupo encargado de ultimar o mesmo e que se axilizaría o seu remate.

4º.-Varios

Respecto a solicitude de reunión co AVV de Mte Alto seguimos esperando a súa chamada.

Acórdase iniciar os trámites para darse de alta do PC como Asociación no Rexistro Municipal.

Por último como data da vindeira Asamblea proponse o vindeiro 25 de maio no Gomes Gaioso e como puntos a tratar, entre outros, estarían o das posibles cuotas e a data das Xornadas abertas

Sen máis dase por pechada a mesma.